

Pola redución do abusivo 21% do imposto do IVE

Salóns de Peiteado e Estética

Os salóns de peiteado e estética están a se ver prexudicados pola aplicación dun decreto do ano 2012 acordado polo goberno do PP no Estado español, xa que, gozando dun IVE reducido do 8%, desde aquela están obrigados ao desorbitado imposto do 21%.

Nestes momentos o sector encóntrase lastrado non só polas consecuencias da profunda crise económica senón por esta medida antisocial adoptada polo goberno do PP, que padecen desde hai case dous anos. O que isto está a provocar é o peche de moitos establecementos, a perda de postos de traballo e a perda de clientes pola contención do consumo dada a forte suba final do prezo do servizo.

O sector, desde o principio, tomou a decisión de asumir o IVE sen repercutilo na clientela, unha decisión que finalmente tivo o efecto perverso de provocar o peche de centos de salóns de peiteado e estética, coa conseguinte eliminación de centos de postos de traballo, que afecta, ademais, a un sector que formamos na súa maioría persoas autónomas. Provocou tamén o aumento da economía somerxida e o crecemento de negocios ilegais de ámbito doméstico. O pasado 2013 pecharon 8.000 salóns de perrucaría e estética no conxunto do Estado español, e as previsións indican para este ano preto de 6.000 negocios.

O BNG xa presentara no Congreso dos Deputados unha iniciativa o 11 de setembro do ano 2012 para manifestar a súa oposición a aquel incremento brutal do IVE no referido aos salóns de peiteado e agora estamos a presentar nos concellos unha iniciativa para que as corporacións municipais insten á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado a rebaixa do 21% do imposto abusivo do IVE que se aplica ao sector comercial dos salóns de peiteado e estética, debido ás negativas consecuencias que provocou o peche de miles de establecementos e a perda de miles de postos de traballo.



CORAZÓN NA GALIZA, FUTURO NA TERRA.

REBÉLATE POLOS TEUS DEREITOS!